



CONCELLO DE TOURO

BANDO

MEDIDAS PREVENTIVAS PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS

O Concello de Touro pon en coñecemento de tódolos veciños que, en cumprimento das instrucións para a prevención da propagación do coronavirus (COVID-19), decretadas pola Xunta de Galicia e o Goberno Central, véñense a tomar as seguintes determinacións:

- Procederáse ó peche de todos os centros sociais e de ocio dependentes do Concello.
- Suspenderanse todas as actividades municipais (sociais, culturais, deportivas, etc)

En relación á atención ó público nas dependencias municipais:

- A atención presencial no Concello limitarase só a casos de urxencia ou extrema necesidade, chamando con anterioridade ó Concello para verificar a citada necesidade e concertar cita no teléfono 981504029.

Medios para a tramitación a distancia:

- Na sede electrónica municipal: <https://sede.touro.gal/>
- Por teléfono: 981504029

Estas medidas terán o carácter temporal que determinen as indicacións das autoridades competentes na materia.

RECOMENDACIÓNS:

- As asociacións e entidades do Concello deben ser especialmente coidadosas coas recomendacións sanitarias ditadas polos órganos competentes na materia.
- Non facer viaxes e desprazamentos que non sexan imprescindibles.
- Non visitar centros de maiores, hospitais e centros médicos salvo casos de extrema necesidade.
- Lavar con frecuencia mans e cara co auga e xabón.
- Evitar no máximo posible o contacto físico, especialmente con persoas dos grupos de risco.

RECOMÉNDASE SEGUIR AS INSTRUCIÓNS DITADAS POLO MINISTERIO DE SANIDADE E A CONSELLERÍA DE SANIDADE.

Teléfono de información para casos leves: 900 400 116

Teléfono para emerxencias e casos graves: 061.

Pregamos a colaboración de toda a veciñanza para evitar a propagación deste virus evitando toda situación de risco e cumprindo coas indicacións do Ministerio de Sanidade.

Para máis información municipal sobre o asunto: 981504029.

Touro, 13 de marzo de 2020.

O ALCALDE,



Asdo.: Ignacio Codesido-Barreiro